


PREPARACIÓN DUNHA DISOLUCIÓN DE SULFATO DE COBRE

Objetivo: Preparar unha disolución de sulfato de cobre(II), CuSO_4 , de concentración 50 g/l.


Material: Balanza, vidro de reloxo, espátula, vaso de precipitados, varíña axitadora, matraz aforado, sulfato de cobre (II), auga.

Procedemento:


1. Calcula a cantidade de sulfato de cobre necesaria para preparar unha concentración 50 g/l (vai a depender do volume do matraz que utilices).
2. Pesa esa cantidade na balanza, utilizando un vidro de reloxo. Primeiro tes que pesar a masa do vidro de reloxo ou pulsar o botón TARA ata que marque 0.
3. Coloca o sulfato de cobre nun vaso de precipitados, procura recuperar toda a substancia arrastrando os restos de sulfato con auga. Engade auga (sempre menos que o volume total que queiras preparar) e axita ata que se disolva totalmente. ¿Que podes facer para axudarlle a disolverse?.



4. Verte con coidado a disolución no matraz aforado e completa con auga ata cerca da liña de enrase. Axítalo ata conseguir que a disolución sexa homoxénea.
5. Enrasa o matraz coidadosamente cun contagotas. A parte inferior



do menisco ten que ser tanxente á liña de enrase e que ten que estar colocada á altura dos ollos



6. A disolución xa está preparada. Deposítala nun frasco limpo e seco e ponlle unha etiqueta.

Grupo	Data de preparación
Formula substancia	concentración

3º-....-...
CuSO_4	50 g/l

CRISTALIZACIÓN DUNHA DISOLUCIÓN DE SULFATO DE COBRE

Objetivo: Obter cristais de sulfato de cobre a partir dunha disolución de sulfato de cobre de concentración 50 g/l que se preparou anteriormente.

Material: Cristalizador, disolución de sulfato de cobre.

Procedemento:

Deposítase un pouco de disolución de sulfato de cobre nun cristalizador e deixase en repouso durante un tempo.

Cando a auga se evapora aparecerán cristais azuis de sulfato de cobre.

ACTIVIDADES

- 1- Indica os cálculos da cantidade de CuSO_4 que vas utilizar.
- 2- Explica os pasos que seguiches para preparar a disolución e ilústralos cun debuxo.